

**Fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar para alumnado matriculado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/2025.** ORDE do 7 de maio de 2024 (DOG do 20 de maio de 2024).

### **Obxecto da convocatoria :**

a) A participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

b) A convocatoria de axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en ESO. Se o umbral da renda per cápita familiar é igual ou inferior a 6.000 euros, a contía da axuda será de **75 euros** e se está entre 6.000 euros e 10.000 euros é de **60 euros**.

### **Beneficios da nova convocatoria:**

Só será preciso presentar unha única solicitude por centro educativo, incluíndo nela a todos/as fillos/as que estean escolarizados/as nel. En consecuencia, a documentación só se ten que presentar unha vez.

### **Obrigas das persoas beneficiarias :**

Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2023/2024. Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP e o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %,

**Devolución dos libros do curso 2023/2024: Ata o venres 21 de xuño de 2024.**

**Prazos de presentación das solicitudes no centro educativo no que estea admitido o alumnado no vindeiro curso escolar 2024-2025: DESDE O MARTES, 21 DE MAIO ATA O VENRES, 21 DE XUÑO DE 2024.**

### **FONDO LIBROS**

- Publicación das **listaxes provisional e definitiva** depende do centro no que estea admitido o alumnado no vindeiro curso escolar 2024-2025.

### **AVISO:**

1. Será preciso cubrir o impreso de solicitude (Anexo I e o anexo II) e entregala, xunto coa documentación precisa, no centro educativo no que estea admitido o alumnado.
2. **NON SE ADMITIRÁN SOLICITUDES FÓRA DE PRAZO.**